



*Avaliación curricular*

En relación ao seu escrito de data 6 de xuño, no que solicita información sobre a procedencia ou non da adaptación dunha materia cualificada como "apto por compensación", cúmpreme comunicarlle que o Acordo de 25 de outubro de 2004 do Consello de Coordinación Universitaria polo que se establecen os criterios xerais aos que haberán de axustarse as universidades en materia de validación e adaptación de estudos cursados en centros académicos españois ou estranxeiros (BOE do 15 de marzo de 2005), dispón, no seu apartado "un b)" que *se procederá á adaptación das materias troncais ou contidos formativos comúns totalmente superados no centro de procedencia*. O mesmo acordo, no seu apartado "un 2", establece que *serán validables aquelas asignaturas superadas cuxo contido e carga lectiva sexan equivalentes*.

Dado que neste caso o alumno non superou a materia mediante a demostración dos seus coñecementos senón que se someteu á avaliación curricular, esta Vicerreitoría considera que **non procede nin a validación nin a adaptación** das materias cualificadas con "apto por compensación".



Vigo, 11 de xuño de 2007  
O VICERREITOR DE ORGANIZACIÓN  
ACADÉMICA E PROFESORADO

Antonio García Pino

Sr. Xefe do Servizo de Alumnado



UNIVERSIDADE  
DE VIGO



**Asunto:** *Alumnos cualificados con "apto por compensación"*

Dende este Servizo de Alumnado, e coa finalidade de aclarar as dúbidas xurdidas nalgúns centros sobre validación ou adaptación de materias nas que se solicitou avaliación curricular e que foron cualificadas con "apto por compensación" cómpre facer a seguinte aclaración.

Os alumnos que solicitaron avaliación curricular nalgunha materia e obtiveron a cualificación de "apto por compensación", non poden solicitar validación desa materia nin tampouco poden solicitar a súa adaptación ao plano novo.

Esta interpretación foi feita polo Vicerreitor de Organización Académica e Profesorado con data 11 de xuño de 2006 ante a consulta formulada por este Servizo, (achégase copia) e baseándose no Acordo de 25 de outubro de 2004 (BOE de 15 de marzo de 2005), do Consello de Coordinación Universitaria, polo que se establecen os criterios xerais aos que haberán de axustarse as universidades en materia de validación ou adaptación de estudos cursados en centros académicos españois ou estranxeiros.

No caso de alumnos aos que se lles califica a materia mediante avaliación curricular (*apto por compensación*), ésta non foi superada posto que non demostrou a superación de coñecementos dos contidos da materia, **polo que non cómpre nin a validación nin a adaptación da mesma.**

Vigo, 24 de outubro de 2007

O XEFE DO SERVIZO DE ALUMNADO



J. Santiago Santos García

**SRS./SRAS. XEFES/AS DE ÁREA ACADÉMICA/ XEFES/AS DE ADMINISTRACIÓN DE TODOS OS CENTROS DA UNIVERSIDADE DE VIGO**  
**SRS./SRAS. ADMINISTRADORES/AS DE CENTRO DA UNIVERSIDADE DE VIGO**